



CONCELLO DE BOBORÁS

EXPEDIENTE 183/2024

PROPOSTA DE ALCALDIA

REGLAMENTO DE FUNCIONAMENTO E USO DA PISCINA MUNICIPAL DE BOBORÁS

CAPITULO I

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.- A piscina municipal é unha instalación titularidade do concello de Boborás destinada a un servizo público, ubicada na r/Evaristo Riande sn.

Artigo 2.- O presente Regulamento ditase en virtude das competencias atribuídas no artigo 25.2m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

CAPITULO II

RÉXIME DE USO E UTILIZACIÓN

Artigo 3.- O concello, a través da área de Deportes, publicará anualmente tanto na sede electrónica como no taboleiro de edictos, as datas de inicio e remate das tempadas de uso da piscina municipal, así como do seu horario de apertura e peche.

Artigo 4.- A piscina poderá ser utilizada polos cidadáns, ben a título individual, como usuarios de práctica libre, ben como compoñentes dos grupos de cursillos ou actividades organizadas.

Terán acceso ás instalacións, todas as persoas que así o desexen que teñan aboado a taxa correspondente e non teñan sido expulsadas da instalación de acordo co establecido no presente Regulamento.

Artigo 5.- Os usuarios poderán acceder á instalación mediante a presentación do abono ou a entrada.

Artigo 6.- Dereitos dos usuarios.

Son dereitos dos usuarios:

1º.- Ser tratados con educación e respecto por todo o persoal responsable da piscina municipal de Boborás, así como polo resto de usuarios.

2º.- Gozar, de acordo ás normas de uso establecidas e as tarifas vixentes, de tódolos servizos que preste o concello de Boborás na piscina municipal.

3.- Facer uso da instalación nos días e horarios sinalados na programación de cada tempada, se ben o concello de Boborás por necesidades do servizo ou causa de forza maior, poderá variar ou anular dito calendario ou horarios, comunicando esa circunstancia coa antelación suficiente.

4º.- Presentar as queixas, suxestións ou reclamacións que estime convenientes por escrito nas follas dispoñibles na instalación, ou nas oficinas do concello de Boborás.

5º.- Consultar o Regulamento de Funcionamento e Uso da piscina municipal de





CONCELLO DE BOBORÁS

Boborás.

Artigo 7.- Obrigas dos usuarios

Os usuarios virán obrigados a respetar as seguintes normas:

- a) Aboar o prezo da entrada ou do abono correspondente, ou da tarxeta de acceso no suposto de cursillos ou actividades puntuais.
- b) Presentar a requerimento de calquera traballador da instalación, a entrada, abono ou tarxeta, no caso de cursillos ou actividades puntuais, que permiten o acceso á mesma
- c) Gardar o debido respecto aos demais usuarios e persoal da instalación.
- d) Atender, en todo momento, ás indicacións do persoal da instalación e colaborar con eles cando sexan requeridos, así como cumprir coas normas establecidas no presente Regulamento.
- e) Abandonar o vaso da piscina quince minutos antes da hora de peche, desaloxando a instalación á hora en punto.

CAPITULO III

NORMA ESPECÍFICAS DE UTILIZACIÓN

Artigo 8.- Os usuarios das piscinas deberán cumprir as seguintes normas específicas:

- a) É obrigatorio ducharse antes e despois da inmersión nos vasos da piscinas.
- b) Non se permite a entrada a menores de 16 anos que non vaian acompañados dun maior de idade, que se responsabilice do seu comportamento e seguridade.
- c) Non se permite a entrada de animais.
- d) Non se permite o acceso nin estancia no recinto da piscina con roupa ou calzado de rúa.

Deberá utilizarse traxe de baño e chancletas nas zonas húmidas das instalacións (vestiarios, zona de baño e duchas), e está prohibido andar cos pes descalzos.

Deberáse entrar e saír do vaso de baño polas cabeceiras ou polas escaleiras.

- e) Non se permite a entrada ou circulación de motos, bicicletas, patins, monopatíns ou calquera tipo de vehículos, dentro do recinto da piscina.
- f) Queda prohibido na zona de céspede o acceso ou estancia de persoas con calzado de rúa, os coches accionados por rodas ou a colocación de sillas, mesas ou tumbonas, parasoles, neveras, etc..
- g) Queda prohibido nos vasos de auga:
 - Bañarse con apósitos ou vendaxes.
 - Correr, empurrar e saltar a auga de calquera forma.
 - Practicar apneas de forma seguida





CONCELLO DE BOBORÁS

- Utilizar palas ou aletas.
- Introducir utensilios alleos á natación en superficie, como equipos de mergullo colchonetas hinchables, balóns, pelotas, etc que poidan molestar aos usuarios.
- Cuspir ou derramar líquidos de calquera natureza.
- Usar na auga lentes de vista ou de sol (agás lentes de contacto).
- As lentes de natación deberán ser lentes de plástico ou irrompibles.
- O acceso ao vaso da piscina si se padece algunha enfermidade contaxiosa.
- h) Na zona de céspede ou baño, estará prohibida calquera acción que perturbe ou moleste a tranquilidade ou comodidade do resto dos usuarios, tales como correr, xogar con balóns ou pelotas, botarse á lámina de auga de xeito violento.
- i) Non se permite á entrada na zona de céspede e baño de ningún tipo de envase ou recipiente de vidro.
- j) Está prohibido fumar en toda a instalación, tanto na zona de céspede e baño, como na zona de vestiarios e cafetería.
- k) É obrigatorio utilizar os vestiarios, para desvestirse e vestirse, tanto á entrada como á saída do recinto da piscina.
- l) Recoméndase o uso de gorro de baño.
- ll) En caso de tormenta deberá abandonarse o vaso das piscinas.
- n) O concello non responderá pola perda, roubo ou extravío de calquera obxecto depositado no interior das instalacións.
- m) Deberán respetarse as normas vixentes relativas a organización, hixiene, limpeza e conservación.
- ñ) Non existirá servizo de taquillas nas instalacións, nin se autorizará o almacenamento de ningún tipo de elemento, tales como tumbonas, sillas, balóns, etc.
- o) Utilizaranse as duchas o tempo estritamente necesario, co obxectivo de facer un uso racional da auga.

CAPITULO IV

POTESTADES DE CONTROL DE ACCESO

Artigo 9.- O concello de Boborás, a través do persoal de servizo na instalación, ten a facultade para negar o acceso ou expulsar a aquelas persoas que incumpran de forma reiterada algunha das normas contidas no presente Regulamento, ou cuxas accións poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade das persoas usuarias, sen prexuízo de existir outro tipo de responsabilidades que correspondan, entre outras,:

- Actos contra o respecto e a convivencia pacífica (roubos, hurtos, agresións, etc)
- Comportamento irrespetuoso dos/as usuarios/as co persoal da instalación ou con outros usuarios.





CONCELLO DE BOBORÁS

- Comportamentos ou accións indebidas que menoscaben, poñan en perigo ou destrúan as instalacións, equipamento u material.
- Calquera outro tipo de comportamento que perturbe o correcto funcionamento das instalacións.

Cando o usuarios/a das instalacións sexa un menor de idade, serán responsables das consecuencias dos seus actos, os seus pais ou tutores legais.

CAPITULO V

INFRACIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 10.- Faltas.

O incumprimento deste Regulamento, así como a comisión doutras faltas que se enumeran a continuacións, serán obxecto de sanción segundo a natureza das mesmas, podendo chegar á expulsión definitiva do recinto.

a) Consideranse faltas leves, as seguintes condutas:

- A desobediencia ás instrucións e advertencias formuladas polo persoal da instalacións, co fin de dar cumprimento ao presente Regulamento.
- As accións que causen danos leves nas instalacións e equipamentos.
- Calquera infracción do Regulamento non cualificada como grave ou moi grave.

b) Consideranse faltas graves, as seguintes condutas:

- A falta de respecto cara o persoal traballador das instalacións, ou demais persoas usuarias da piscina.
- As accións que impliquen deterioro grave das instalacións ou equipamento.
- Orixinar por imprudencia ou negligencia, accidentes graves a un mesmo ou a outras persoas.
- Falsear intencionadamente os datos relativos á identidade, idade, entradas ou abonos.
- A reiteración de faltas leves.

c) Consideranse faltas moi graves as seguintes condutas:

- As accións que prexudiquen gravemente ou supoñan riscos para a saúde das persoas usuarias ou persoal das instalacións.
- As accións que impliquen un deterioro moi grave ou irreversibles nos equipamentos das instalacións.

Artigo 11.- Sancións

Os incumprimentos leves corríxanse con apercibimento por escrito ou a perda da condición de persoa usuaria por un período de 5 a 30 días.

Os incumprimentos graves corríxanse coa perda da condición de persoa usuaria ou





CONCELLO DE BOBORÁS

subscrita por período de entre 30 días e 5 anos.

Os incumprimentos moi graves corríxiranse coa perda da condición de usuaria ou subscrita por un período comprendido entre os 5 anos e 10 anos.

Para graduar a sanción que se vaia impoñer, atenderase á gravidade da infracción, á culpabilidade do autor/a á entidade dos prexuízos causados ao concello ou a terceiras persoas e á reiteración por parte da persoa responsable.

Artigo 12.- Procedemento.

Seguirase a normativa vixente en materia de procedemento sancionador.

Contra os Acordos adoitados en materia sancionadora poderanse interpor os recursos administrativos e Xurisdicionais previstos na Normativa Legal vixente.

CAPITULO VI

RESPONSABILIDADES

Artigo 13.- Limitación de responsabilidade.

O concello de Boborás, non se fará responsable ante o usuario no caso de accidentes ou danos derivados do incumprimento por parte deste das presentes normas, dun comportamento negligente doutro usuario ou dun mal uso da instalación, equipamento ou servizo.

Os organizadores de actividades na piscina municipal, son responsables da seguridade e aseguramento das mesmas.

Artigo 14.- Responsabilidade por danos e perdas.

Calquera usuario que ocasione danos materiais na instalación municipal, será directamente responsable, polo que deberá facerse cargo dos gastos de reparación. No caso de non pagamento, poderá ser executado por vía de prema.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A Alcaldía do concello de Boborás, resérvase o dereito da ditar disposicións ou resolucións para aclarar, modificar ou desenvolver o establecido no presente regulamento para a correcta utilización da piscina municipal, sen prexuízo das observacións e indicacións do persoal ao servizo desta.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor, cando se publique o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e teña transcorrido o prazo de quince días hábiles, contado desde o día seguinte da publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

